

Amargos resaibos

Con “resaibo amargo” aprobou onte o Consello de Goberno a nova RPT de persoal funcionario. Esas foron as palabras que precederon a votación. Votouse con resaibo amargo por deixar a unha funcionaria desta universidade sen o seu posto de traballo. Pero se votou. Votouse a sabendas de que o estatuto establece que se debe votar logo dun informe do Consello Social que non existe (deberían os filólogos de esta universidade retomar a análise do significado do adverbio “logo”). Pero se procedeu igualmente. Votouse coa teima de que cando se execute, o novo equipo de goberno podería ser contrario a estrutura. Pero xa sabemos todos o que pasou.

As loanzas tridireccionais entre xerencia, CIG e UGT; a condición de afiliada a CCOO da traballadora que queda sen o seu posto de traballo, a manifesta inimidade entre o presidente da xunta de persoal e os xefes dos servizos afectados deixaban ben a vista dos membros do Consello de Goberno que certo espírito de vendeta impregnaba algúns aspectos desta nova RPT. Non esquezamos os insultos proferidos na rede contra a interesada por aqueles que máis tarde negociaron a súa praza con xerencia. E sen embargo, non chegou máis que a deixar un resaibo amargo nos que tiñan nas súas mans a decisión de que o atropelo se executase ou non.

É importante que o lembremos. Calquera día pode ser un de nós o que quede sen posto. Sen xustificación, sen obxectividade e sen apoio da Xunta de Persoal. Non esquezamos que o presidente da mesma garda as loanzas para a xerencia e os improprios para os compañeiros. Non se oíu da boca dos representantes sindicais de CIG e UGT nin unha soa palabra sobre o caso da Coordinadora da Secretaría Xeral, tan ocupados que estaban en repetir a normalidade en que se desenvolveu o proceso negociador coa xerencia e o mal que fan o seu labor os compañeiros dos servizos afectados. A cuestión é que cando tanto se esforzan ambas partes en remarcar a normalidade do proceso, algo fai sospeitar que confunden a cordialidade coa complicidade.

Fronte ao amargor de boca que quedou na sala nos que votaron a favor desta RPT sen precedentes, a algúns quedounos o agridoce padal de quen, a pesar do revés, sabe que está do lado que debe estar un sindicato. Ánimo, Ángeles.